

Martes, 14 de abril de 2026

Núm. 69

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### VILAGARCÍA DE AROUSA

#### FUNDACIÓN DE DEPORTES CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

##### Subvencións e axudas

*BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN S AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO  
PARA O EXERCICIO 2026, CORRESPONDENTE A TEMPADA 2024/25 ANO 2025*

#### 1.- FINALIDADE E OBXECTO:

A Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, no seu artigo 8.1, sinala como competencia dos Concellos a de Fomentar, Promover e Difundir o Deporte, especialmente en idade escolar. Para o fomento desta actividade de interese social, as bases da presente convocatoria teñen por finalidade a promoción dos Clubes/Entidades Deportivas Locais de carácter federado, non mercantís, non profesionais, e consecuentemente sen ánimo de lucro, de acordo ao sinalado nos artigos 40 ao 50 da devandita lei, en réxime de concorrencia competitiva.

O obxectivo desta convocatoria é financiar, en parte, os gastos correntes estrita e directamente derivados da realización das actividades deportivas federadas dos colectivos de base expresados no parágrafo anterior, a efectos de que estes poidan alcanzar os seus obxectivos, dentro das competicións deportivas federadas nas que estean inscritos.

#### 2.- LEXISLACIÓN APLICABLE:

Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e, demais normativa Estatal, Autonómica, concordantes. Asemade das normas que se aproben ou teña aprobadas o Concello de Vilagarcía de Arousa.

#### 3.- CONSIGNACIÓN:

A contía total que se destina a esta finalidade é a que figura na partida 342-483,00 do orzamento da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, ano 2026. En caso excepcionais, poderá aumentarse a citada consignación, coa existencia de sobrantes nas partidas coa mesma vinculación xurídica.

#### 4.- DESTINATARIOS E REQUISITOS:

Poderán acceder a estas subvencións os Clubes ou Entidades Deportivas Federadas con sede social no Municipio de Vilagarcía de Arousa e que figuren inscritos no Rexistro de Clubes/Entidades Deportivas da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que cumpren os seguintes requisitos:



Martes, 14 de abril de 2026

Núm. 69

- Clubes/Entidades Deportivas sen ánimo de lucro e con Personalidade Xurídica Propia.
- Estar Federadas nunha ou varias Modalidades Deportivas
- Desenvolver a súa actividade no Concello de Vilagarcía de Arousa.

## 5.- OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS:

Son obrigas dos/as beneficiarios/as:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e aportar a información que lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicar ao órgano concedente a solicitude e a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.

## 6.- DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE:

Os Clubes/Entidades Deportivas terán a súa disposición na Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes no catálogo de procedemento 30003 a Solicitude e Anexos nos modelos normalizados, que deberán cubrir e asinar polo representante legal do Club/Entidade Deportiva, e presentar polo citado catálogo na Sede Electrónica anteriormente indicada sección Fundación de Deportes unha vez cubertos. Así como, deberán adxuntar o Certificado da Federación correspondente, co modelo oficial remitido a todas Federacións Deportivas e asinado polo representante da Federación correspondente.

Os/as solicitantes deberán presentar a seguinte documentación, referida á tempada 2024/25, dende o 1 de agosto de 2024 ao 31 de xullo do 2025 e, se a actividade deportiva se desenvolve no ano natural, corresponderá ao ano 2025:

6.1.- Solicitude.- Cada club/entidade deportiva poderá presentar unha única solicitude debidamente cumprimentada e asinada dixitalmente polo representante, na que figura unha declaración xurada na que se sinale que :

- a) O Club/Entidade Deportiva non se atopa en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas, conforme ao artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvención.
- b) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e Autorizacións ao Concello e/ou Fundación de Deportes para que poida consultar ou solicitar os certificados de estar ao corrente coa Recadación Municipal, Seguridade Social, Axencia Tributaria e, coa Consellería de Economía e Facenda, no caso de que se opoñan a esta consulta e/ou solicitude



Martes, 14 de abril de 2026

Núm. 69

deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os documentos que correspondan. Así como, no caso que as citadas Administracións poñan algún impedimento para que este Organismo Autónomo solicite os certificados correspondentes, se lle requerirá aos Clubes/Entidades Deportivas, para que presenten as certificacións orixinais ou fotocopias compulsadas.

- c) As axudas solicitadas ou concedidas por outras Administracións Públicas, ben directamente ou ben a través das Federacións deportivas, así como doutros axentes para a mesma finalidade.
- d) Que adopta o compromiso que fundamenta a concesión da subvención, conforme o disposto no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) O número BIC e IBAN da conta bancaria da que son titulares e, no caso de que exista cambio da Conta Bancaria xa comunicada á Fundación de Deportes, deberá presentar impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figuren o Club/Entidade Deportiva como titular e o seu nº BIC e IBAN da súa conta bancaria.

6.2.- Anexo I.- Balance de Gastos e Ingresos e breve Memoria explicativa da actividade realizada polo Club/Entidade Deportiva na devandita tempada.

6.3.- Certificación da Federación correspondente.- de que o club ou entidade se atopa federado na tempada sinalada anteriormente, realizando actividades organizadas pola Federación correspondente e no que se faga constar:

- As licenzas federativas (Nº total de deportistas de cada categoría, establecidas pola súa federación), desglosado en licenzas femininas e masculinas que realicen competición oficial).
- Adestradores/as Titulados con licenza na devandita tempada.
- Liga ou similar na que xoga cada equipo (sinalando o nivel da liga, contando a partir da Máxima División que corresponda como 1º nivel, 2º nivel, etc..).
- Outros resultados por Equipos ou Individuais en Campionatos de primeiro nivel (Galego, España, Europa ou Mundial).

6.4.- De ser o caso, copia/s da/s Tarxeta/s acreditativa do grao de discapacidade, ou a/s licenza/s da Federación Galega do Deporte Adaptado (incluídas no certificado da Federación).

6.5.- Aquela outra documentación que considere deba ser tomada en consideración, en relación co baremo que figura no apartado 15 destas bases.

## 7.- LUGAR E PRAZO DE ADMISIÓN DE SOLICITUDES:

7.1.- As solicitudes acompañadas da documentación requirida, de acordo co establecido no apartado anterior, presentaranse a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedementos, CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONS, no REXISTRO ELECTRÓNICO. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.



Martes, 14 de abril de 2026

Núm. 69

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible, cando menos, que o presidente e/ou a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexisto telemático, dispoña de sinatura electrónica, así como deberá/n acreditar a súa representación por calquera medio admisible en dereito.

Forma de Presentación da documentación no rexistro electrónico da Fundación de Deportes:

Tendo en conta que o rexistro electrónico da Fundación de Deportes non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb ou non admite determinados formatos, deberase cumprir as seguintes normas de presentación:

1º) Un pdf por cada documento:

- a) Solicitude
- b) Anexo I: Balance de Gastos e Ingresos e breve Memoria explicativa da actividade
- c) Certificación da Federación

2º) Un pdf coa/s Tarxeta/s acreditativa/s do grao de discapacidade

3º) Un pdf cos certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso de que non autoricen a consulta por parte da Fundación de Deportes.

4º) Un pdf para calquera outra documentación que considere deba ser tomada en consideración, en relación co baremo que figura no apartado 15 destas bases

No caso de que a documentación presentada supere os 10 Mb deberá realizar tantos rexistros electrónicos como sexan necesarios para presentar a documentación, indicando nos sucesivos rexistros o número do primeiro rexistro e numerando en función do número de rexistros do seguinte xeito: Por exemplo no caso de que sexan necesarios 4 rexistros: 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para subsanar.

7.2.- O prazo de admisión de solicitudes determinarase no anuncio do extracto da convocatoria que se publicará no BOP de Pontevedra, por conducto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

## **8.- TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES E APROBACIÓN DAS CONCESIÓN DE SUBVENCIONES:**

A Fundación de Deportes do Concello, revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que no prazo improrrogable de DEZ DÍAS hábiles a partir da data da recepción da notificación telemática, a través da Sede Electrónica, que terá a súa disposición unha vez sexa comunicado ao correo electrónico facilitado polo solicitante (terá un prazo máximo de dez días naturais para abrir a notificación na Sede Electrónica), achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, a súa solicitude arquivarase sen máis trámite.



Martes, 14 de abril de 2026

Núm. 69

A instrucción do expediente realizarana os servizos administrativos da Fundación de Deportes e director deportivo, así como a secretaría da Fundación de Deportes, que emitirán os correspondentes informes ao respecto e, unha vez finalizada a instrucción, polo Sr. Presidente e Sr. Director Deportivo formularán a proposta de concesión de subvencións da Fundación de Deportes.

A aprobación das propostas de concesión das subvencións corresponderalle ao Presidente da Fundación de Deportes, mediante Resolución, previa toma de coñecemento do Consello Reitor.

O valor do punto, resultará da formula matemática da división da consignación orzamentaria entre a suma total de puntos outorgados a cada unha das solicitudes, conforme á baremación feita segundo o apartado 15.- CRITERIOS DE VALORACIÓN e os puntos a maiores acordados polo Consello Reitor.

## 9.- NOTIFICACIÓN E XUSTIFICACIÓN (CONTA XUSTIFICATIVA):

Unha vez aprobada a subvención, será notificada telemáticamente aos/ás interesado/as, a través da Sede Electrónica, que terá a súa disposición unha vez sexa comunicado ao correo electrónico facilitado polo solicitante. (terá un prazo máximo de dez días naturais para abrir a notificación na Sede Electrónica), para proceder á presentación da Conta Xustificativa.

O importe dos gastos xustificandos deberá alcanzar, polo menos, o importe da subvención, así como a subvención concedida non poderá ser tal que sumadas todas as subvencións públicas, exceda do importe total do balance de gastos presentado.

Os Clubes/Entidades Deportivas terán a súa disposición na Sede Electrónica no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes no catálogo de procedemento 30003 a Conta Xustificativa e anexos nos modelos normalizados, que deberán cubrir e asinar polo representante legal do Club/Entidade Deportiva, e presentar polo citado catálogo na Sede Electrónica anteriormente indicada na sección Fundación de Deportes unha vez cubertos.

Os Clubes/Entidades Deportivas deberán presentar a seguinte documentación, referida á tempada 2024/25, dende o 1 de agosto de 2024 ao 31 de xullo do 2025 e, se a actividade deportiva se desenvolve no ano natural, corresponderá ao ano 2025:

9.1.- Anexo II.- Conta Xustificativa debidamente cumprimentada e asinada dixitalmente polo representante e, na que figura unha declaración xurada na que se sinala:

- a) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e Autorizacións ao Concello e/ou Fundación de Deportes para que poida consultar ou solicitar os certificados de estar ao corrente coa Recadación Municipal, Seguridade Social, Axencia Tributaria e, coa Consellería de Economía e Facenda, no caso de que se opoñana a esta consulta e/ou solicitude deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os documentos que correspondan. Así como, no caso que as citadas Administracións poñan algún impedimento para que este Organismo Autónomo solicite os certificados correspondentes, se lle requirirá



Martes, 14 de abril de 2026

Núm. 69

aos Clubes/Entidades Deportivas, para que presenten as certificacións orixinais ou fotocopias compulsadas.

- b) As axudas solicitadas ou concedidas por outras Administracións Públicas, ben directamente ou ben a través das Federacións deportivas, así como doutros axentes para a mesma finalidade.
- c) Que adopta o compromiso que fundamenta o recoñecemento da obriga da subvención, conforme o disposto no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- d) Que se fixo a debida divulgación do financiamento da Fundación de Deportes na actividade subvencionada.
- e) Que o Club/Entidade Deportiva ten cumprido o obxecto da subvención concedida para a devandita actividade.

9.2 Anexo III.- Relación de facturas de gastos realizados nas actividades obxecto da subvención, (deberase cubrir todas as columnas do anexo) e asinada dixitalmente polo representante, conforme ao sinalado no apartado 6.2, ordenada por conceptos (segundo balance gastos e ingresos presentado) e dentro deste, por proveedor (nº factura e data, de mais antiga á mais nova), acompañada de todas as facturas (co mesmo orde indicada na relación) e o seu correspondente xustificante de pago detrás da súa factura, nas que figurarán necesariamente os seguintes requisitos:

- a) Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura, correctamente fechada e numerada.
- b) Nome e CIF do/a beneficiario/a da subvención.
- c) Detalle e data dos servizos prestados, contía dos mesmos con expresión do IVE, se non estiveran exentos.
- d) Xustificación do pago. As operacións con importes superiores a 1.000,00 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na Lei 11/2021 de 9 de xullo, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante xustificante bancario co selo da Entidade bancaria. No resto dos casos o pago acreditarase por calquera dos seguintes medios: certificados do proveedor, factura simplificada ou de caixa, indicación na factura do pago asinado pola persoa responsable co seu nome e apelidos e DNI ou, por transferencia bancaria co selo bancario.

Aceptaranse como xustificantes de gasto, certificacións oficiais federativas, da Mutualidade Deportiva, de Colexios de Árbitros ou Pólizas de Seguro de Responsabilidade Civil da Entidade. Así como recibos de colaboradores, adestradores ou axudantes que deberán cumprir os seguintes requisitos: nº de recibo, lugar e data, datos do interesado e do club ou entidade deportiva (nome, domicilio, NIF ou CIF), descrición do concepto de gasto, precio total e IVE repercutido ou IVE incluído cando o importe total do recibo non exceda de 400,00 €.



Martes, 14 de abril de 2026

Núm. 69

Tamén serán subvencionables os gastos financeiros, incluídos os intereses, gastos notariais e rexistrados directamente relacionados coa actividade subvencionada e que sexan indispensables para a realización da mesma. Quedan excluídos as amortizacións de préstamos.

**IMPORTANTE:** Tendo en conta que a presentación telemática impide a presentación de orixinais ou copias compulsadas, a Fundación de Deportes, a través do persoal correspondente, poderá solicitar a presentación física das facturas orixinais e xustificantes de pago orixinais presentados, aos efectos do cotexo de datos.

9.3 Anexo IV.- No caso de que a entidade reciba subvencións doutras administracións públicas para o mesmo proxecto ou actividade subvencionada, deberá presentar unha certificación debidamente cumprimentada e asinada dixitalmente polo representante, onde se faga constar a relación de facturas que foron presentadas nas citadas administracións a efectos de xustificación, que non deberán coincidir cos xustificantes de gastos presentados na Fundación de Deportes. O Club tamén poderá optar por aportar xustificantes de gastos polo importe total das subvencións públicas recibidas.

## 10.- LUGAR E PRAZO DE ADMISIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA:

10.1.- A Conta Xustificativa con toda a documentación requerida, de acordo co establecido no apartado anterior, presentaranse a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedementos, CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONS, no REXISTRO ELECTRÓNICO. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos sempre que a xustificación sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible, cando menos, que o presidente e/ou a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático, dispoña de sinatura electrónica, así como deberá/n acreditar a súa representación por calquera medio admisible en dereito.

Forma de Presentación da documentación no rexistro electrónico da Fundación de Deportes:

Tendo en conta que o rexistro electrónico da Fundación de Deportes non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb ou non admite determinados formatos, deberase cumprir as seguintes normas de presentación:

1º) Un pdf por cada anexo:

- a) Anexo II: Conta Xustificativa
- b) Anexo III: Relación de Facturas
- c) Anexo IV: Certificación dos gastos presentados noutras administracións públicas

2º) Un pdf cos certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso que non autoricen a consulta por parte da Fundación de Deportes.

3º) Un pdf coas facturas escaneadas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo III e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de



Martes, 14 de abril de 2026

Núm. 69

pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante de pago da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante de pago da factura 2 da relación...etc.).

Os distintos arquivos dos pdfs deberan ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e identificación.

No caso de que a documentación presentada supere os 10 Mb deberá realizar tantos rexistros electrónicos como sexan necesarios para presentar a documentación, indicando nos sucesivos rexistros o número do primeiro rexistro e numerando en función do número de rexistros do seguinte xeito: Por exemplo no caso de que sexan necesarios 4 rexistros: 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para subsanar.

10.2.- Efectuada a notificación das concesións de subvencións, abrírase un prazo de 15 días Naturais, contados a partir do día seguinte da recepción da notificación telemática, para presentar a Conta Xustificativa, con toda a documentación necesaria a efectos de xustificación da subvención.

## **11.- TRAMITACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA E RESOLUCIÓN DO RECOÑECIMENTO DA OBRIGA DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS:**

A Fundación de Deportes do Concello, revisará os expedientes das Contas Xustificativas e verificará que conteñen a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ao interesado para que no prazo improrrogable de DEZ DÍAS hábiles a partir da data da recepción da notificación telemática, a través da Sede Electrónica, que terá a súa disposición, unha vez sexa comunicado ao correo electrónico facilitado polo solicitante (terá un prazo máximo de dez días naturais para abrir a notificación na Sede Electrónica), achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, a súa conta xustificativa arquivarase sen máis trámite.

A aprobación do recoñecemento da obriga das subvencións concedidas, que presenten correctamente toda a súa documentación corresponderá ao Presidente da Fundación de Deportes a través dunha Resolución. Os expedientes que non presenten ou cumpran con algún dos requisitos establecidos nas devanditas bases, será o Presidente da Fundación de Deportes quen resolva concedendo ou denegando a subvención, tendo e conta os informes emitidos e a toma de coñecemento do Consello Reitor.

Vencidos os prazos que se establecen nas presentes bases sen que o/a beneficiario/a da subvención achegase a correspondente documentación, entenderase que renuncia a percepción da subvención, sen perxucio de poder estar incurso no establecido no artigo 14.

## **12.- PAGO:**

Unha vez aprobada a concesión polo Sr. Presidente da Fundación de Deportes, procederase ao pago da subvención da seguinte forma:



Martes, 14 de abril de 2026

Núm. 69

1º.- O 80% da subvención concedida con carácter anticipado que se fará efectiva co correspondente Resolución de concesión da subvención ao beneficiario por parte da Fundación de Deportes.

2º.- O 20% restante da subvención abonarase unha vez o beneficiario procedese á xustificación íntegra da financiación concedida, dentro do prazo previsto nas presentes bases e de conformidade no mesmo e na normativa de aplicación.

Cumpridas as esixencias de xustificación documental citadas nas presentes bases, remitirase o expediente a intervención para as comprobacións que proceda e posterior tramitación para completar o pago.

Non será exible a presentación de garantía por parte da entidade beneficiaria por canto non se aprecie risco de que incumpran as obrigas sumidas en virtude das presentes bases.

En calquera caso, previo pago da subvención a entidade beneficiaria terá que acreditar que se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, Seguridade Social e Concello.

No caso de que a xustificación fose incorrecta procederíase ao inicio de expediente de reintegro da subvención.

### 13.- REINTEGRO DE CONTAS PERCIBIDAS:

Procederá o reintegro da cantidade percibida, sempre e cando se produza o incumprimento das presentes Bases e, nos supostos que establezca a Lexislación aplicable.

### 14.- RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR:

14.1.- A Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa poderá dispoñer que se efectúen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos presentados polos/as solicitantes, para unha mellor valoración das solicitudes e resolución do expediente.

14.2.- Os/as beneficiarios/as virán obrigado/as a comunicar á Fundación de Deportes a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado.

14.3.- As mesmo os/as beneficiarios/as facilitarán tanta información lle sexa requirida polo Tribunal de Contas ou Consello de Contas, no seu caso.

14.4.- Os/as beneficiarios/as das subvencións quedarán sometidos/as ás responsabilidades e réxime sancionador contidas no Título IV da Lei Xeral de Subvencións.

14.5.- Polo Sr. Presidente da Fundación de Deportes e toma de coñecemento do Consello Reitor, previo informe de Intervención, Secretaría e técnicos da Fundación Deportiva, poderase sancionar ca imposibilidade de solicitar a subvención do seguinte exercicio, a aqueles Clubes/ Entidades Deportivas, que incumpran algún dos seguintes puntos:

- a) Falsear documentos, memorias, presupostos ou certificacións.



Martes, 14 de abril de 2026

Núm. 69

- b) Non renunciar a subvención tan pronto como se teña constancia de que non cumpre os requisitos imprescindibles da mesma ou da lexislación vixente.
- c) Non xustificar a subvención asignada.
- d) A sabendas, presentar na xustificación, recibos ou facturas manifestamente falsos.
- e) Non destinar os fondos da subvención ao obxecto polo que se concedeu a mesma.

### 15.- CRITERIOS DE VALORACIÓN:

Para determinar a contía de cada unha das subvencións a conceder teranse en conta o seguinte baremo:

15.1 Baremo de puntuación para o outorgamento de subvencións a Clubes ou Entidades Deportivas:

- Equipos Base de Ligas de ámbito Nacional (xogan fora da Comunidade) 10 Puntos
- Equipos Base de Ligas de ámbito Autonómico 8 Puntos
- Resto de Equipos Base 5 Puntos
- Equipos Senior 2 puntos
- Adestradores titulados Equipos Bases que tiveran licenza na tempada a valorar 3 puntos
- Adestradoras tituladas Equipos Bases que tiveran Licenza na tempada a valorar 6 puntos
- Adestradores titulados Equipo Senior que tiveran licenza na tempada a valorar 1 puntos
- Adestradoras tituladas Equipo Senior que tiveran licenza na tempada a valorar 2 puntos
- Número de compoñentes por categoría (co desglose de licenzas femininas e masculinas), segundo corresponda:
  - De 04 a 06 1 punto
  - De 07 a 11 3 puntos
  - De 12 a 18 5 puntos
  - De 19 a 24 7 puntos
  - Máis de 25 9 puntos

No caso de que os compoñentes dun equipo ou categoría non alcancen 4 deportistas, se sumarán cos seguintes ou, no seu caso, de ter un número inferior a 4 compoñentes o Club/ Entidade Deportiva valorarase coa puntuación mínima de 1 punto.

- Promoción do deporte feminino (número de licenzas femininas nun club/entidade deportiva)
  - De 01 a 5 1 punto



Martes, 14 de abril de 2026

Núm. 69

De 6 a 15	2 puntos
De 16 a 25	4 puntos
De 26 a 35	6 puntos
De 36 a 45	8 puntos
Máis de 46 licenzas	10 puntos
• Promoción do deporte inclusivo (deportistas con acreditación do grao de discapacidade nun club/entidade deportiva)	
De 01 a 5	2 punto
De 6 a 10	4 puntos
De 11 a 15	6 puntos
De 16 a 20	8 puntos
Máis de 21 licenzas	10 puntos
• Por participación en competición principal (liga ou similar) da tempada:	
Máxima División	15 puntos
Seguinte (2ª) División	11 puntos
Seguinte (3ª) División e, Equipos base de ámbito Nacional (outras Comunidades)	8 puntos
Seguinte (4ª) División e, Equipos base de ámbito Autonómico	5 puntos
A partir da seguinte (5ª) División	2 puntos
• Por cada Equipo que ascenda a unha categoría de Ámbito Nacional	7 puntos
• Por cada Equipo que ascenda a unha categoría de Ámbito Autonómico	6 puntos
• Por cada Equipo que se clasifique e participe na Fase Final de Ascenso a categoría Nacional	5 puntos
• Por cada Equipo que se clasifique e participe na Fase Final de Ascenso a categoría Autonómica	3 puntos
• Por cada Equipo Campión de España do primeiro nivel	15 puntos
• Por cada Equipo que se clasifique e participe na Fase Final do Campionato de España do primeiro nivel	10 puntos
• Por cada Equipo Campión Galego do primeiro nivel	12 puntos
• Por cada Equipo que se clasifique e participe na Fase Final do Campionato Galego do primeiro nivel	5 puntos
• Por cada deportista Campión Individual de España, en probas cunha participación mínima de oito deportistas en competición.	6 puntos

Martes, 14 de abril de 2026

Núm. 69

- Por cada deportista Finalista individual no Campionato de España, en probas cunha participación mínima de oito deportistas en competición. 3 puntos
- Por cada deportista Campión individual Galego de primeiro nivel, en probas cunha participación mínima de oito deportistas en competición. 3 puntos
- Por cada deportista Finalista individual Galego de primeiro nivel, en probas cunha participación mínima de oito deportistas en competición. 1 punto
- Outros:

Para aqueles méritos deportivos de relevancia que non teñan cabida nos apartados anteriores, tomaranse en consideración aqueles outros aspectos deportivos atendendo a proposta do director deportivo da Fundación, dos informes emitidos e a toma de coñecemento do Consello Reitor, coa finalidade de que o Presidente da Fundación de Deportes adopte a correspondente Resolución como:

- a) Marcas rexistradas polos deportistas, sempre que superen a marca mínima esixida na competición internacional, representando a seu Club/Entidade Deportiva.
- b) Postos alcanzados en competicións oficiais de carácter internacional de Clubes/Entidades Deportivas: Europeo ou Mundial.
- c) Pola participación en competicións oficiais de carácter internacional de Clubes/Entidades Deportivas: Europeos ou Mundiais e, sempre que existira unha clasificación previa por méritos deportivos para a súa participación.
- d) Polos desprazamentos fóra do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto para participar nas Ligas Nacionais ou Competicións oficiais internacionais de Clubes/Entidades Deportivas.

Asemade neste apartado tamén se contemplará o outorgamento de puntos co obxecto de que os Clubes/Entidades Deportivas de menor puntuación, alcancen unha subvención mínima atendendo a proposta do director deportivo da Fundación, dos informes emitidos e a toma de coñecemento do Consello Reitor, coa finalidade de que o Presidente da Fundación de Deportes adopte a correspondente Resolución.

15.2.- Considéranse equipos base aqueles formados por mozos/as que militen nas distintas categorías establecidas polas federacións e que non sobrepasen os 18 anos de idade, no momento de tramitar a ficha federativa.

15.3.- Consideraranse equipos senior todos aqueles que se formen con criterios federativos, pero que as súas idades superen os 18 anos no momento de tramitar a ficha federativa.

15.4.- Para computar os puntos correspondentes a cada club/entidade deportiva de modalidades deportivas, que teñan as súas tempadas abarcando dous anos naturais, tomaranse os puntos por participación os correspondentes ó Primeiro dos dous anos.

15.5.- Nos Deportes Individuais, tanto un deportista Individual ou por Equipos, valorarase por un só logro, sempre o de maior rango ou puntuación. Valorándose ata un máximo de 15



Martes, 14 de abril de 2026

Núm. 69

deportistas en total, nos puntos do apartado 14.1 de “deportista Campión ou finalista individual, de España ou Galego do primeiro nivel”.

15.6.- Nos Deportes Colectivos, cada Equipo valorarase por un só logro, sempre o de maior rango ou puntuación.

15.7.- Cando un Club/Entidade Deportiva utilice os mesmos deportistas nun 50% ou máis, dos seus compoñentes, en distintas Competicións do mesmo deporte, só se valorará a participación e logros dunha delas.

15.8.- Os Clubes/Entidades Deportivas que teñan adxudicadas Escolas Deportivas Municipais, non computaran nas presentes bases polos nenos/as que estén inscritos na/s Escola/s Deportiva/s.

## 16.- COLABORACIÓN:

Os Clubes/Entidades Deportivas que sexan destinatarias de esta subvención municipal, comprométese a colaborar coa Fundación Deportiva naquelas actividades para as que sexan requeridos, dentro da súa modalidade deportiva e sempre cando non ocasione perxucios ao desenvolvemento das súas competicións oficiais, nin a súa economía.

Estas colaboracións terían que estar encadradas en eventos ou actividades como:

16.1.- Festa do Deporte.

16.2.- Actividades do tipo: Semana da Mobilidade, Días do Deporte, etc...

16.3.- Exhibicións con motivo de actos festivos.

16.4.- Representación en acontecementos deportivos supramunicipais.

En Vilagarcía de Arousa, asinado dixitalmente

O Presidente da Fundación de Deportes

